

AS ABELLAS DE GALIZA EN PERIGO

Xesús Asorey*

A APICULTURA EN GALIZA

Segundo se indica na tese de doutoramento de Abel Yañez, no ano 1988 existían en Galiza uns 4.731 abelleiros con 94.800 colmeas. A provincia de Lugo con 1.710 abelleiros é a máis apícola, seguida da Coruña con 1.400 e Ourense e Pontevedra con 800 abelleiros cada unha.

Trátase dunha pequena apicultura, onde o 92% dos abelleiros non supera as 50 colmeas, mentres na unión europea considéranse profesionais a aqueles produtores que superan as 150 colmeas. A apicultura pode ser importante dentro dunha agricultura de tipo pluriactivo ou multifuncional. Mais os abelleiros, por pequenos que sexan, realizan un labor medioambiental ao que habería que darlle moita importancia. A paixón polas abellas está por riba da produción.

No ano 1980 naceu a Asociación Galega de Apicultura, AGA, co fin de

informar, formar e asesorar tecnicamente aos abelleiros. A AGA creou no ano 1990 a cooperativa Erica Mel para comercializar e dar servizos a máis de 300 abelleiros de toda Galiza que son os máis profesionalizados. Tamén foi a promotora da denominación Mel de Galiza-Indicación xeográfica protexida (IXP), á que pertencen na actualidade máis de 400 abelleiros. O interese desta denominación estriba na promoción e control duns meles que proceden fundamentalmente de plantas silvestres: castiñeiro, queirogas, silvas, carballos, eucaliptos...

Na actualidade, o sector apícola galego está pasando unha forte crise; as abellas desaparecen sen deixar rastro; desde 1998, uns 200 abelleiros deixan as abellas cada ano; a AGA baixou de 1.400 asociados no ano 1998 a algo menos de mil. Moitos abelleiros repoñen as baixas tódolos anos e volven a quedar sen abellas á saída do inverno. Non se trata de ningunha doenza coñecida.

Aquí pasa o mesmo que no resto de Europa, este fenómeno apareceu a partir do uso dunha nova xeración de pesticidas sistémicos neurotóxicos. Nos lugares onde máis se usan estes pesticidas desapareceron até o 80% das colmeas, por termo medio

nestes últimos anos desapareceu máis do 50% da cabana apícola galega. Esta situación agravouse nos derradeiros 3-4 anos.

Despois dos estudos e traballos científicos realizados noutros países, sobre todo en Francia, chegamos á conclusión de que tamén aquí estes pesticidas son os responsábeis desta desfeita.

PESTICIDAS

O primeiro produto coñecido en Galiza foi o Confidor (principio activo Imidacloprid), insecticida de amplo espectro, sistémico, neurotóxico, que fabrica a firma Bayer e que se usa en fumigacións sobre todo en hortos, invernadoiros, froiteiras, patacas, etc. Na propia etiqueta aparece como "moi perigoso para as abellas", e na actualidade tamén se usa para fumigar eucaliptos.

Outros nomes comerciais que tamén se usan pero que non están á venda son o Gaucho (Imidacloprid) e o Regent (Fipronil). Estes pesticidas veñen coas sementes xa tratadas, máis frecuentemente de millo, aínda que tamén poden vir coas sementes de trigo, cebada, remolacha, patacas...

Poden causar intoxicacións agudas, nos días seguintes ás fumigacións ou sementeiras, e tamén intoxicacións crónicas, intoxicación lenta e subletal despois do seu uso e debido a que se espallan pola terra e tamén a que perduran. A intoxicación crónica pode durar até 3






ALVAREILA
ECOTURISMO

Turismo e Natureza

- ♦ Aula de natureza
- ♦ Actividades de educación ambiental
- ♦ 60 prazos no ALBERGUE e 8 na CASA
- ♦ Turismo cultural
- ♦ Rutas de sendeirismo
- ♦ Obradoiros
- ♦ Xogos ambientais
- ♦ Xogos tradicionais
- ♦ Horto ecolóxico
- ♦ Enerxías renovables
- ♦ Piscina
- ♦ Pista deportiva
- ♦ Servizos concertados de piragüismo, vela e cabalos



Breanca Dorroña s/n 15637 Vilamaior A Coruña
Tlf./fax 981.79.88.63 info@alvareila.com

www.alvareila.com

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume